

#### IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*ORDE do 20 de marzo de 2018 pola que se convoca procedemento de acceso ao corpo de catedráticos de música e artes escénicas, nas especialidades vinculadas ás ensinanzas superiores de música.*

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, modificada pola Lei 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, no número 4 da súa disposición adicional décima, establece que, sen prexuízo da posibilidade de ingreso regulado na disposición adicional novena, para acceder ao corpo de catedráticos de música e artes escénicas, será necesario pertencer ao corpo de profesores de música e artes escénicas, e posuír o título de doutoramento, licenciatura, arquitectura, enxeñaría ou grao correspondente, ou titulación equivalente para os efectos de docencia, así como superar o correspondente proceso selectivo.

Así mesmo, o número 2 da disposición adicional décimo segunda da mencionada lei, prescribe que as persoas aspirantes que desexen acceder ao corpo de catedráticos deberán contar cunha antigüidade mínima de oito anos no correspondente corpo de procedencia como persoal funcionario de carreira e que o sistema de acceso será o de concurso, en que se valorarán os méritos relacionados coa actualización científica e didáctica, a participación en proxectos educativos, a avaliación positiva na actividade docente e, se é o caso, a traxectoria artística do persoal aspirante.

As ditas disposicións foron desenvolvidas polo Regulamento de ingreso, acceso e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes a que se refire a mencionada lei. Así pois, o Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, modificado polo Real decreto 84/2018, do 23 de febreiro, aproba o Regulamento de ingreso, acceso e a adquisición de novas especialidades nos corpos docentes a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

O Real decreto 427/2013 polo que se establecen as especialidades do corpo de catedráticos de música e artes escénicas vinculadas ás ensinanzas superiores de música e de danza, no seu artigo 4, en relación cos anexos III e IV, determina a atribución docente das materias correspondentes aos ditos estudos superiores e dispón expresamente a obriga do persoal funcionario do corpo de catedráticos de música e artes escénicas de dirixir o traballo fin de estudos, a que se refire o Real decreto 631/2010, do 14 de maio, polo que se



aproba o contido básico das ensinanzas artísticas superiores de grao en música establecidas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Dos anexos III e IV do mencionado real decreto despréndese que a atribución docente da maior parte das materias correspondentes aos estudos superiores de música nas súas diferentes especialidades corresponde en exclusiva ao profesorado do corpo de catedráticos de música e artes escénicas.

De conformidade co disposto no Decreto 29/2018, do 22 de febreiro, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario dos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018, esta consellería acorda convocar o procedemento selectivo de acceso ao corpo de catedráticos de música e artes escénicas, conforme ás seguintes bases:

Base primeira. *Normas xerais*

1. Prazas convocadas.

Convócase procedemento selectivo de acceso, por concurso de méritos, para cubrir 105 prazas no corpo de catedráticos de Música e Artes Escénicas nas especialidades vinculadas ás ensinanzas superiores de música, no ámbito de xestión da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, coa desagregación por especialidades e quendas que a continuación se indican.

De conformidade co establecido no artigo 48.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, resérvase un 7 % das prazas para a súa cobertura por persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %.

As prazas reservadas para as persoas con discapacidade que resulten sen adxudicar acumularanse á modalidade de acceso xeral da mesma especialidade.

Especialidades do corpo de catedráticos de música e artes escénicas (código 593).

Código/especialidade		Reserva persoas con discapacidade	Acceso xeral	Total
001	Acordeón		1	1
006	Canto	1	4	5
008	Clarinete	1	4	5



Código/especialidade		Reserva persoas con discapacidade	Acceso xeral	Total
010	Composición	1	8	9
014	Contrabaixo		2	2
030	Fagot		1	1
032	Frauta Travesa		4	4
033	Etnomusicoloxía		1	1
035	Guitarra	1	4	5
039	Historia da Música		4	4
061	Improvisación e Acompañamento	1	5	6
050	Música de Cámara		2	2
051	Musicoloxía		1	1
052	Óboe		2	2
057	Pedagogía		2	2
058	Percusión		4	4
059	Piano	1	10	11
098	Repertorio con Piano para Instrumentos	1	9	10
063	Repertorio con Piano para Voz		4	4
066	Saxofón		3	3
072	Trombón		3	3
074	Trompa		2	2
075	Trompeta		4	4
076	Tuba		2	2
077	Viola		2	2
078	Violín	1	5	6
079	Violoncello		4	4
Total		8	97	105

## 2. Normativa aplicable.

A estes procedementos selectivos seranlle de aplicación a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación; a Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa; o Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; a Lei 17/1993, do 23 de decembro, sobre o acceso a determinados sectores da función pública dos nacionais dos demais estados membros da Unión Europea; o Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, modificado polo Real decreto 84/2018, do 23 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento



de ingreso, acceso e adquisición doutras especialidades nos corpos docentes a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e se regula o réxime transitorio a que se refire a disposición transitoria décimo sétima da citada lei; o Decreto 29/2018, do 22 de febreiro, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario dos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018; a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia; o Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas artísticas superiores reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificado polo Real decreto 21/2015, do 23 de xaneiro; o Real decreto 427/2013, do 14 de xuño, polo que se establecen as especialidades docentes do corpo de catedráticos de música e artes escénicas; o Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social; a Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, e demais disposicións de aplicación xeral, así como o disposto nesta convocatoria.

Base segunda. *Requisitos que deben reunir as persoas aspirantes*

1. Requisitos.

Para seren admitidas ao procedemento selectivo as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Posuír o título de doutoramento, licenciatura, enxeñería, arquitectura ou título de grao correspondente, ou titulación equivalente para os efectos de docencia.

b) Acreditar o coñecemento da lingua galega.

c) Acreditar a formación e capacidade de tutela nas investigacións propias das ensinanzas artísticas.

d) Pertencer ao corpo de profesores de música e artes escénicas como persoal funcionario de carreira e ser titular da especialidade ou especialidades a que se concursan, ben que, para os únicos efectos do previsto nesta epígrafe, entenderase que:

– As persoas aspirantes que sexan titulares da especialidade de Fundamentos de Composición poderán participar na especialidade de Composición.



– As persoas aspirantes que sexan titulares da especialidade de Linguaxe Musical poderán participar na especialidade de Pedagogía e/ou Improvisación e Acompañamento.

– As persoas aspirantes que sexan titulares da especialidade de Historia da Música poderán participar na especialidade de Musicoloxía e/ou Etnomusicoloxía.

– As persoas aspirantes que sexan titulares da especialidade de Orquestra poderán participar na especialidade de Dirección de Orquestra.

– As persoas aspirantes que sexan titulares da especialidade de Piano poderán participar, ademais de na súa especialidade, na de Repertorio con Piano para Instrumentos e/ou Repertorio con Piano para Voz.

– As persoas aspirantes titulares da especialidade de Música de Cámara con anterioridade ao Real decreto 989/2000, do 2 de xuño, polo que se establecen as especialidades do corpo de profesores de música e artes escénicas, se adscriben a elas os profesores do dito corpo e se determinan as materias que deberán impartir, poderán participar na especialidade de Música de Cámara.

– As persoas aspirantes titulares da especialidade de Pianista Acompañante con anterioridade ao Real decreto 989/2000, do 2 de xuño, polo que se establecen as especialidades do corpo de profesores de música e artes escénicas, se adscriben a elas os profesores do dito corpo e se determinan as materias que deberán impartir, poderán participar na especialidade de Repertorio con Piano para Instrumentos e/ou Repertorio con Piano para Voz.

e) Posuír unha antigüidade mínima de oito anos como persoal funcionario do corpo de profesores de música e artes escénicas.

f) Non ser persoal funcionario de carreira, en prácticas ou estar pendente do correspondente nomeamento do corpo de catedráticos de música e artes escénicas.

g) Non estar sometido/a a sanción disciplinaria ou a condena penal que impida o exercicio na función pública docente.

2. Requisitos específicos para participar pola quenda para persoas con recoñecemento legal de discapacidade.

De conformidade co establecido no artigo 48 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e o Decreto 29/2018, do 22 de febreiro, polo que se aproba a oferta de



emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario dos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018, resérvase o 7 % das prazas a que poderán concorrer as persoas que teñan a condición legal de discapacidade, sempre que reúnan as condicións xerais establecidas nesta convocatoria e, no seu momento, acrediten un grao de discapacidade de, polo menos, o 33 % mediante certificación dos órganos competentes da Comunidade Autónoma de Galicia, doutras comunidades autónomas ou, se é o caso, da Administración central do Estado.

O persoal aspirante que conorra por esta quenda non poderá facelo pola quenda xeral de acceso ao mesmo corpo e especialidade.

### 3. Data de cumprimento dos requisitos.

Todos os requisitos enumerados anteriormente deberán posuírse no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manterse ata o momento da toma de posesión como persoal funcionario de carreira do corpo de catedráticos de música e artes escénicas.

#### Base terceira. *Acreditación do coñecemento da lingua galega*

1. Para acreditar o coñecemento da lingua galega será requisito imprescindible posuír o certificado de coñecemento da lingua galega (Celga 4), ter superado o curso de perfeccionamento de lingua galega, ou a súa validación, ou telo superado a través de proba libre, ou ter superado o nivel avanzado da escola oficial de idiomas, o título de licenciatura en Filoloxía Galego-Portuguesa ou posuír o curso de especialización en lingua galega.

Para estes únicos efectos entenderase que reúne este requisito o persoal aspirante que superase a proba de coñecemento da lingua galega no procedemento selectivo de acceso ao corpo de mestres, profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño, ou no de acceso a calquera dos corpos de catedráticos.

2. As persoas que non poidan acreditar o coñecemento da lingua galega de acordo co establecido no parágrafo anterior poderán ser admitidas condicionalmente no concurso de méritos e deberán realizar unha proba.



Esta proba, que se realizará de forma escrita, terá lugar o día 8 de xuño de 2018, ás 18.00 horas, no IES As Fontiñas (rúa Estocolmo, 5, Santiago de Compostela), e consistirá na resposta a varias cuestións sobre o temario de lingua galega que figura como anexo III e nunha tradución do castelán ao galego.

### 3. Tribunal de valoración.

A valoración da proba será realizada polo mesmo tribunal que realizará a valoración da proba de acreditación de coñecemento de lingua galega ás persoas aspirantes a ingresar no corpo de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional e mestres na convocatoria do procedemento selectivo do ano 2018.

### 4. Valoración da proba.

O tribunal valorará esta proba coa cualificación de «apto/a» e «non apto/a». Quedarán excluídas do procedemento selectivo as persoas cualificadas como «non aptas».

Rematada a realización da proba, o tribunal publicará a valoración das persoas aspirantes no taboleiro de anuncios do centro en que actuasen, así como no enderezo <http://www.edu.xunta.es/oposicions> e elevaraa á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, para a súa incorporación ao expediente.

*Base cuarta. Acreditación da formación e capacidade de tutela nas investigacións propias das ensinanzas artísticas*

1. As persoas aspirantes terán acreditada esta formación e capacidade se cumpren algunha das seguintes condicións:

- Posuír o título de doutoramento.
- Posuír un título universitario oficial de máster, para cuxa obtención se exixan, polo menos, 60 créditos, e que capacite para a práctica da investigación educativa ou da investigación propia das ensinanzas artísticas.
- Posuír o recoñecemento de suficiencia investigadora ou o certificado diploma acreditativo de estudos avanzados.



2. No caso de non cumprir ningunha das condicións indicadas no punto anterior, acreditarán a formación e capacidade de tutela en investigacións propias das ensinanzas artísticas as persoas aspirantes que cumpran de forma conxunta as dúas condicións seguintes:

– Ter impartido un mínimo de catro cursos académicos de docencia nun centro superior de ensinanzas artísticas.

– Ter tutelado cando menos un traballo final de estudos (TFE) de acordo co plan de estudos establecido pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei 8/2013, do 9 de decembro, ou un traballo ou concerto fin de carreira correspondente ao plan de estudos regulado pola Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, agás naquelas especialidades que carecen de titulación propia específica: Improvisación e Acompañamento, Historia da Música, Música de Cámara, Repertorio con Piano para Instrumentos e Repertorio con Piano para Voz.

A tutela, cando menos, dun traballo final de estudos ou un traballo ou concerto fin de carreira xustificárase cunha certificación da dirección do centro.

#### Base quinta. *Solicitudes e pagamento de dereitos*

##### 1. Forma de presentación de solicitudes.

As solicitudes deberán cubrirse pola Internet a través da páxina web da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos <http://www.edu.xunta.es/oposicions>

No suposto de participar no concurso de méritos por máis dunha especialidade, presentárase unha instancia por cada especialidade en que se participa.

Recórdase que para acceder a este servizo web é preciso ter conta de correo electrónico no dominio edu.xunta.es polo que, as persoas que non a teñan, deberán solicitala a través da páxina web <https://edu.xunta.es/contrasuario/>

##### 2. Documentación.

Á solicitude deberase achegar fotocopia compulsada dos seguintes documentos:

a) Certificación expedida polo órgano competente que acredite a condición de persoal aspirante con discapacidade igual ou superior ao 33 %, no caso de terse alegado para os efectos do disposto na base 5.6.





b) Os documentos que acrediten a condición de membro de familia numerosa de categoría xeral ou especial, no caso de terse alegado para os efectos do disposto na base 5.6.

c) A documentación acreditativa dos méritos alegados conforme o previsto no anexo I desta orde.

d) O modelo de presentación de méritos incluído como anexo II.

e) De non constar na base de datos de persoal, fotocopia compulsada do título alegado para acceso ao corpo de catedráticos de música e artes escénicas.

f) Documentación acreditativa do coñecemento da lingua galega de acordo co disposto na base 3.1.

### 3. Presentación de solicitudes.

As solicitudes dirixiranse á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e poderán presentarse:

a) No Rexistro Xeral da Xunta de Galicia.

b) Nos rexistros das xefaturas territoriais da Xunta de Galicia.

c) En calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

### 4. Requirimento para emenda.

O requirimento establecido para emendar defectos, conforme o previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, efectuarase mediante a resolución provisional do tribunal pola que se publica a relación de persoas aspirantes admitidas e excluídas para participar no procedemento selectivo.

### 5. Prazo de presentación.

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles computados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.



## 6. Importe e pagamento dos dereitos de exame.

O pagamento do importe dos dereitos de inscrición realizarase electronicamente.

Os códigos que se deben empregar son os seguintes:

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria: código 07.

Delegación de servizos centrais: código 13.

Servizo de Secretaría Xeral: código 01.

Taxa denominación: inscrición nos procesos de selección de persoal de Administración xeral da Comunidade Autónoma, código 300302.

Os dereitos de exame serán os seguintes:

– Corpo de catedráticos de música e artes escénicas: 41,56 €.

Estarán exentas de pagamento dos dereitos de exame:

a) Persoas con discapacidade igual ou superior ao 33 %.

b) Persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial.

Aplicaráselle unha bonificación do 50 % á inscrición solicitada por persoas que sexan membros de familias numerosas de categoría xeral.

Non será obrigatorio presentar o xustificante de pagamento das taxas, que será verificado pola propia Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Base sexta. *Admisión de persoas aspirantes*

### 1. Lista provisional de persoas admitidas e excluídas.

Transcorrido o prazo de presentación de solicitudes, o tribunal emitirá a resolución pola que se aproba a lista provisional de persoas admitidas e excluídas por especialidades e



publicada na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no enderezo electrónico [www.edu.xunta.es/oposicions](http://www.edu.xunta.es/oposicions). Nesta lista aparecerán, cando menos, apelidos, nome e os catro últimos díxitos do número do documento nacional de identidade das persoas aspirantes, e se están exentas ou non da realización da proba de coñecemento da lingua galega.

## 2. Reclamación contra a lista provisional.

Contra a resolución do tribunal pola que se aproba a lista provisional, as persoas interesadas poderán formular as reclamacións que coiden oportunas, mediante un escrito dirixido á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo máximo de 5 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da súa publicación na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no enderezo electrónico [www.edu.xunta.es/oposicions](http://www.edu.xunta.es/oposicions)

## 3. Lista definitiva de persoas admitidas e excluídas.

As reclamacións presentadas serán aceptadas ou rexeitadas na resolución do tribunal pola que se aprobe a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas. Esta resolución publicarase na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no enderezo electrónico [www.edu.xunta.es/oposicions](http://www.edu.xunta.es/oposicions)

## 4. Recurso contra a lista definitiva.

Contra a resolución que aprobe a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, as persoas interesadas poderán formular recurso de alzada dirixido á persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no enderezo electrónico [www.edu.xunta.es/oposicions](http://www.edu.xunta.es/oposicions), segundo o disposto no artigo 122 da citada Lei 39/2015, do 1 de outubro.

## 5. Reintegro dos dereitos de exame.

Os dereitos de exame seranlles reintegrados, por petición das persoas interesadas, a quen fose excluído definitivamente do procedemento selectivo por falta dalgún dos requisitos para tomaren parte nel.



**Base sétima. Órganos de selección****1. Tribunal.**

A selección das persoas aspirantes será realizada por un único tribunal nomeado para o efecto, sen prexuízo do previsto no número 3 da base terceira desta orde respecto ao tribunal de valoración da proba previa de coñecemento da lingua galega.

**2. Nomeamento.**

A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria procederá ao nomeamento do tribunal que xulgará o proceso selectivo e fará pública a súa composición no *Diario Oficial de Galicia*.

**3. Composición do tribunal.**

De acordo co que dispón o artigo 7 do Regulamento de ingreso, acceso e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes aprobado polo Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, modificado polo Real decreto 84/2018, do 23 de febreiro, o tribunal estará formado, preferentemente, por persoal funcionario de carreira en activo do corpo de catedráticos de música e artes escénicas ou do corpo de inspectores de Educación en número impar, non inferior a cinco.

Este mesmo artigo establece que, excepcionalmente e por causas xustificadas, poderase solicitar doutras administracións educativas que propoñan persoal funcionario da especialidade ou, se é o caso, do corpo correspondente para formar parte destes tribunais ou poderanse completar estes con persoal funcionario doutra especialidade, e poderán designarse neste caso asesores ou asesoras especialistas nos termos e co alcance previsto no artigo 8 do citado regulamento.

Dado que na Comunidade Autónoma de Galicia non hai persoal funcionario de carreira do corpo de catedráticos de música e artes escénicas, o tribunal estará integrado por:

– Unha presidencia, designada directamente pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

– Catro vogais, designados/as directamente pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, entre persoal pertencente ao corpo de inspectores de Educación, e catedráticos ou profesores titulares de universidade, preferentemente que posúan unha titulación superior de música.



#### 4. Tribunal suplente.

Poderá designarse polo mesmo procedemento un tribunal suplente.

#### 5. Constitución do tribunal.

5.1. Logo da convocatoria do presidente ou presidenta constituirase o tribunal no prazo máximo de cinco días desde a súa publicación no DOG, sendo precisa a asistencia do presidente ou presidenta titular e de, polo menos, tres vogais.

Na citada sesión acordarán todas as decisións que lles correspondan para o correcto desenvolvemento do procedemento selectivo.

Actuará como secretario ou secretaria o/a vogal con menor antigüidade no corpo, agás que o tribunal acorde determinalo doutra maneira.

5.2. Salvo que concorran circunstancias excepcionais, que serán apreciadas pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, unha vez constituído o tribunal só poderán actuar as persoas membros do tribunal presentes no acto de constitución e abondará coa asistencia de tres delas para a validez das sesións. Non obstante, se chegado o momento da actuación do tribunal este non puidese actuar, polo menos, con tres membros, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos adoptará as medidas oportunas necesarias co fin de garantir o dereito das persoas aspirantes á participación no proceso selectivo.

#### 6. Obrigatoriedade de participación.

A participación nos órganos de selección ten carácter obrigatorio, de conformidade co disposto no artigo 8.3 do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, modificado polo Real decreto 84/2018, do 23 de febreiro.

#### 7. Abstención e recusación dos tribunais.

As persoas membros do tribunal absteranse de intervir de concorrer algunha das circunstancias sinaladas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Do mesmo xeito, de acordo co artigo 8.4 do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, modificado polo Real decreto 84/2018, do 23 de febreiro, deberán absterse de actuar aquelas persoas membros que realizasen tarefas de preparación de aspirantes aos



procedementos selectivos para o mesmo corpo e especialidade, nos cinco anos anteriores a esta publicación.

Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar as persoas membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas no parágrafo anterior, de acordo co artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

#### 8. Categoría do tribunal.

Para os efectos previstos no artigo 26.2 do Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño), estes tribunais considéranse incluídos na categoría primeira.

#### 9. Indemnizacións por razón do servizo.

O tribunal terá dereito ás indemnizacións por razón do servizo previstas na normativa vixente.

#### 10. Funcións do tribunal.

O tribunal, con plena autonomía funcional, será responsable da obxectividade do procedemento e garantirá o cumprimento das bases da convocatoria.

Correspóndelle ao tribunal:

a) O desenvolvemento do procedemento selectivo de acordo co que se dispón nesta convocatoria.

b) Publicar as listas provisionais e definitivas de persoas admitidas e excluídas, logo de comprobar que as persoas aspirantes acreditan a formación e capacidade de tutela en investigacións propias das ensinanzas artísticas e reúnen os restantes requisitos exixidos neste convocatoria.

c) Custodiar a documentación xustificativa dos méritos ata a finalización do proceso selectivo.

d) A valoración dos méritos.

e) A elaboración, ordenación e publicación das listas de persoas aspirantes que superaron o procedemento selectivo, así como a súa elevación á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.



f) A conformación do expediente administrativo cubrindo os modelos que lle sexan facilitados pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos. Deberá facer uso das aplicacións informáticas que se poñan á súa disposición, mantendo actualizados os datos para aseguraren o desenvolvemento do procedemento.

g) Custodiar a documentación xustificativa dos méritos ata a finalización do proceso selectivo.

#### 11. Procedemento de actuación.

A actuación dos tribunais axustarase en todo o proceso ao disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

#### Base oitava. *Sistema de selección*

De conformidade co establecido na disposición adicional décimo segunda, punto segundo, da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, así como no artigo 39 do Regulamento de ingreso, acceso e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes, aprobado polo Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, modificado polo Real decreto 84/2018, do 23 de febreiro, o sistema de acceso aos corpos de catedráticos consiste nun concurso no cal se valorarán os méritos relacionados coa actualización científica e didáctica, a participación en proxectos educativos, a avaliación positiva da actividade docente e, se é o caso, a traxectoria artística das persoas aspirantes, e resultarán seleccionadas aquelas persoas aspirantes que, ordenadas segundo a suma de puntuacións alcanzadas, obteñan un número de orde igual ou inferior ao número de vacantes ofertadas. No caso do acceso ao corpo de catedráticos de música e artes escénicas, as persoas aspirantes deberán acreditar, ademais, a formación e capacidade de tutela nas investigacións propias das ensinanzas artísticas.

#### 1. Valoración dos méritos.

Só serán tidos en conta os méritos acreditados ata a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

As persoas aspirantes responsabilizaranse expresamente da documentación achegada. En caso de falsidade ou manipulación nalgún documento decaerán no dereito á participación na presente convocatoria, con independencia da responsabilidade que proceda.



## 2. Puntuación máxima.

As persoas aspirantes non poderán obter máis de 10 puntos pola valoración dos seus méritos.

### Base novena. *Cualificación*

#### 1. Baremo provisional.

A asignación da puntuación que corresponda ás persoas aspirantes, segundo o baremo recollido no anexo I da presente convocatoria, levaraa a efecto o tribunal, o cal publicará as puntuacións provisionais obtidas polas persoas aspirantes nas distintas epígrafes e subepígrafes do baremo na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no enderezo electrónico [www.edu.xunta.es/oposicions](http://www.edu.xunta.es/oposicions)

#### 2. Reclamacións ao baremo provisional.

Contra a puntuación do baremo provisional poderán presentarse reclamacións no prazo de cinco días hábiles, mediante escrito dirixido á presidencia do tribunal. Estudadas as reclamacións, o tribunal publicará no mesmo enderezo electrónico sinalado na epígrafe anterior as puntuacións definitivas obtidas polas persoas aspirantes nas distintas epígrafes do baremo, e con esta publicación entenderanse resoltas as reclamacións contra a puntuación do baremo provisional e efectuado o trámite de notificación da resolución das reclamacións.

#### 3. Recurso de alzada.

Contra a resolución do tribunal pola que se publican as puntuacións definitivas do concurso de méritos, as persoas interesadas poderán formular un recurso de alzada dirixido á persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no enderezo electrónico [www.edu.xunta.es/oposicions](http://www.edu.xunta.es/oposicions), de acordo co previsto nos artigos 112, 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

### Base décima. *Superación do proceso selectivo*

#### 1. Persoas aspirantes seleccionadas

O tribunal elaborará e ordenará por especialidade a lista de persoas aspirantes que superaron o procedemento selectivo, a publicará na páxina web da Consellería de Cultura,





Educación e Ordenación Universitaria no enderezo electrónico [www.edu.xunta.es/oposicions](http://www.edu.xunta.es/oposicions), e elevaraa á persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

Resultarán seleccionadas e accederán ao corpo de catedráticos de música e artes escénicas aquelas persoas aspirantes que, ao seren ordenadas segundo a puntuación do concurso, obteñan un número de orde igual ou inferior ao número de prazas convocadas na especialidade correspondente.

Calquera proposta de persoas seleccionadas que contraveña o anteriormente establecido será nula de pleno dereito.

## 2. Criterios para resolver os empates.

En caso de producirse empates na puntuación das persoas aspirantes, resolveranse atendendo sucesivamente aos seguintes criterios:

a) Maior puntuación en cada unha das epígrafes do baremo de méritos pola orde en que aparecen no anexo I da presente convocatoria.

b) Maior puntuación nas subepígrafes do baremo, pola orde en que aparecen no anexo I da presente convocatoria.

c) Maior puntuación en cada unha das epígrafes do baremo, pola orde en que aparecen no anexo I da presente convocatoria, sen ter en conta os límites de puntuación establecidos nestas.

d) Maior puntuación en cada unha das subepígrafes do baremo, pola orde en que aparecen no anexo I da presente convocatoria, sen ter en conta os límites de puntuación establecidos nestas.

e) Maior puntuación no procedemento selectivo de ingreso no corpo e especialidade desde o que se concursa.

## 3. Acceso por máis dunha especialidade.

Aquelas persoas aspirantes que acaden a puntuación para acceder por máis dunha especialidade do mesmo corpo, deberán optar por unha delas para os efectos do seu nomeamento como persoal funcionario do corpo, renunciando ao resto, no prazo de dous días



hábeiles a partir da publicación da lista de persoas aspirantes seleccionadas, e cubriranse as outras prazas coas persoas aspirantes que proceda, en función das puntuacións acadadas no procedemento selectivo.

Esta renuncia quedará sen efecto no caso de que a persoa interesada se vise afectada pola estimación dun recurso dealzada contra a puntuación definitiva do concurso de méritos publicada polo tribunal, formulado de acordo co establecido pola base 11.3 desta convocatoria.

Base décimo primeira. *Nomeamento de funcionarias e funcionarios de carreira*

1. De conformidade co establecido no artigo 39.4 do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, modificado polo Real decreto 84/2018, do 23 de febreiro, as persoas que accedan por este procedemento estarán exentas da realización da fase de prácticas. Verificado que as persoas que o superaron reúnen os requisitos xerais e específicos de participación establecidos nesta convocatoria, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria aprobará o expediente do proceso selectivo e remitirá as listas das persoas que accederon ao corpo de catedráticos de música e artes escénicas, para o seu nomeamento e expedición dos títulos de funcionarias e funcionarios de carreira.

2. Destino definitivo en Galicia.

De acordo co previsto no artigo 10.d) do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, modificado polo Real decreto 84/2018, do 23 de febreiro, as persoas que ingresen en virtude desta convocatoria deberán obter o seu primeiro destino definitivo en centros xestionados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través da súa participación forzosa nos procedementos de provisión que se convoquen.

Disposición derradeira primeira. *Recursos*

De conformidade co establecido nos artigos 112, 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e 10, 14 e 46 da Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, contra a presente orde, que pon fin á vía administrativa, poderase recorrer potestativamente en reposición ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ou poderá formularse directamente recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.



Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2018

Román Rodríguez González  
 Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

### ANEXO I

### Baremo para a valoración dos méritos

A puntuación máxima que poderá obterse en aplicación do presente baremo será de 10 puntos.

Concepto	Puntuación	Documentos xustificativos
1. Traballo desenvolvido (máximo 5,5000 puntos)		
1.1. Antigüidade (máximo 4,0000 puntos)		
Por cada ano de servizos efectivos prestados en situación de servizo activo como persoal funcionario no corpo de profesores de música e artes escénicas que excedan os oito anos exixidos como requisito.	0,2500/ano 0,0208/mes	Folla de servizos.
1.2. Desempeño de funcións específicas (máximo 2,500 puntos)		
1.2.1. Por cada ano como director/a de centros públicos docentes.	0,2500/ano 0,0208/mes	Folla de servizos expedida pola Administración educativa competente en que consten as tomas de posesión e cesamento nas devanditas funcións, ou fotocopia compulsada do nomeamento, con dilixencia de posesión e cesamento ou, se é o caso, certificación en que conste que na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes se continúa desempeñando o cargo ou función docente, ou fotocopia compulsada dos nomeamentos indicando toma de posesión e cesamento ou, se é o caso, a continuidade no cargo.
1.2.2. Por cada ano como vicedirector/a, subdirector/a, xefe/a de estudos ou secretario/a.	0,2000/ano 0,0166/mes	
1.2.3. Por cada ano como coordinador/a do equipo de dinamización da lingua galega, coordinador/a de programas internacionais, coordinador/a de innovación e formación do profesorado, coordinador/a de biblioteca, coordinador/a de sección bilingüe, coordinador/a de grao elemental, coordinador/a das tecnoloxías da información e a comunicación, xefe/a de seminario ou departamento, en centros públicos docentes.	0,1500/ano 0,0130/mes	
1.2.4. Por cada ano de servizo en postos da Administración educativa de nivel 26 ou superior.	0,2500/ano 0,0208/mes	
2. Cursos de formación e perfeccionamento (máximo 3,0000 puntos)		
2.1. Por cursos de formación superados que teñan por obxecto a formación e o perfeccionamento sobre aspectos científicos e didácticos ou relacionados coa organización escolar, ou coas tecnoloxías aplicadas á educación, organizadas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, as administracións educativas das comunidades autónomas ou por institucións sen ánimo de lucro, sempre que as devanditas actividades fosen homologadas ou recoñecidas polas administracións educativas, así como as organizadas polas universidades.	0,0250/10 horas ou 1 crédito  * Os créditos ECTS computarán como 25 horas	Fotocopia compulsada do certificación destas expedido pola entidade organizadora en que conste de modo expreso o número de horas de duración da actividade. No caso dos organizados polas institucións sen ánimo de lucro, deberá acreditarse de forma fidedigna o recoñecemento ou homologación das devanditas actividades pola Administración educativa correspondente, ou certificación de inscrición no rexistro de formación da Administración educativa.



Concepto	Puntuación	Documentos xustificativos
2.2. Pola impartición dos cursos de formación e perfeccionamento indicadas na subepígrafe 2.1.	0,0250/10 horas ou 1 crédito * Os créditos ECTS computarán como 25 horas	Fotocopia compulsada da certificación ou documento acreditativo da impartición da actividade, en que conste de modo expreso o número de horas de duración da actividade. Certificación deles en que conste de modo expreso o número de horas de impartición no curso. No caso dos organizados polas institucións sen ánimo de lucro, deberá acreditarse de forma fidedigna o recoñecemento ou homologación das ditas actividades pola Administración educativa correspondente, ou certificación de inscrición no rexistro de formación da Administración educativa.
3. Méritos académicos e outros méritos (máximo 3,000 puntos)		
3.1. Méritos académicos (máximo 1,500 puntos)		
a) Por posuír o título de doutoramento.	0,5000	Fotocopia compulsada do título ou certificación académica e do pagamento dos dereitos de expedición do título.
b) Por posuír o título de máster universitario oficial ou máster en ensinanzas artísticas oficial para o cal se exixisen ao menos 60 créditos. En ningún caso será valorado o título de máster empregado para a obtención do título de doutoramento.	0,2500	
c) Polo recoñecemento de suficiencia investigadora, ou o certificado diploma de estudos avanzados. Só se valorará unha das dúas condicións. En ningún caso será valorada a condición que fose acreditada para a obtención do título de doutoramento.	0,1500	Fotocopia compulsada do certificado diploma correspondente.
d) Por premio extraordinario no doutoramento, máster, licenciatura, grao ou equivalente e premio de honra nas ensinanzas artísticas superiores.	0,1000	Fotocopia compulsada da documentación xustificativa.
e) Pola mención honorífica en grao superior no caso das titulacións outorgadas polos conservatorios superiores de música.	0,0500	
f) Pola obtención dun grao, título superior de ensinanzas artísticas ou equivalente ao nivel 2 do MECES, diferente ao alegado para o ingreso na especialidade.	0,3000	Fotocopia compulsada do título ou certificación do aboamento dos dereitos de expedición do título ou certificado supletorio da titulación expedidos de acordo co previsto, se é o caso, na Orde do 8 de xullo de 1988 (BOE do 13 de xullo) ou na Orde do 13 de agosto de 2007 (BOE do 21 de agosto) ou no Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto, sobre expedición de títulos universitarios oficiais (BOE do 6 de agosto).
g) Por estar en posesión dunha licenciatura, arquitectura, enxeñaría ou títulos declarados equivalentes a estes, diferente ao alegado para o ingreso na especialidade desde a que se opta.	0,3000	
h) Por estar en posesión dunha diplomatura, enxeñaría técnica, arquitectura técnica ou títulos declarados equivalentes. Non se valorarán por esta epígrafe os primeiros ciclos que permitisen a obtención doutras titulacións académicas de ciclo longo que se aleguen como méritos.	0,2000	
i) Por estar en posesión dun título de profesor do Plan de estudos do Real decreto 2618/1966, ou dun título profesional de música do Plan LOXSE ou LOE distinto do necesario para a obtención do título superior de música alegado para ingreso na especialidade desde a que se opta. Non se valorarán por esta epígrafe os títulos que permitisen a obtención doutras titulacións superiores que se aleguen como méritos.	0,2000	Fotocopia compulsada do título ou certificación académica e do pagamento dos dereitos de expedición do título.



Concepto	Puntuación	Documentos xustificativos
j) Pola acreditación do dominio dunha lingua estranxeira correspondente ao nivel B2, C1 e C2 del Marco común europeo de referencia.	Nivel C2: 0,3000 Nivel C1: 0,2500 Nivel B2: 0,2000	Fotocopia compulsada do título que se posúa ou, se é o caso, certificación acreditativa da expedición do devandito título ou certificación acreditativa de ter superado os estudos conducentes á súa obtención. Deberá presentarse certificación académica en que conste de forma expresa que se superaron todas las materias ou créditos conducentes á obtención dos devanditos títulos.
<b>3.2. Publicacións, participación en proxectos educativos e méritos artísticos (máximo 1,5000)</b>		
a) Por publicacións de carácter didáctico e científico sobre disciplinas obxecto do concurso ou directamente relacionadas con aspectos xerais do currículo ou coa organización escolar. Aqueles publicacións que, estando obrigadas a consignar o ISBN en virtude do disposto polo Decreto 2984/1972, do 2 de novembro, modificado polo Real decreto 2063/2008, do 12 de decembro, ou, se é o caso, ISSN ou ISMN, carezan deles, non serán valoradas, así como aquelas en que o/a autor/a sexa o/a seu/súa editor/a. Para a valoración destas publicacións deberanse presentar os documentos xustificativos indicados nesta subepígrafe coas exigencias que así se indican.	a) Libros en distintos formatos: Autor/a (0,3000) Coautor/a (0,1500) 3 autores/as (0,1000) 4 autores/as (0,0800) 5 autores/as (0,0600) 6 autores/as ou máis (0,0500)  b) Revistas en distintos formatos: Autor/a (0,0700) Coautor/a (0,0600) 3 ou máis autores/as (0,0500)  c) Outras publicacións, actas de congresos, xornadas e seminarios: Relatorio individual (0,0700) Relatorio conxunto (0,0500)	– No caso de libros, a seguinte documentación: * Os exemplares correspondentes ou copias simples. * Certificación da editorial onde conste título do libro, autores/as, ISBN, depósito legal e data da primeira edición, o número de exemplares e que a difusión destes foi en librarías comerciais. En relación cos libros editados por administracións públicas e universidades (públicas-privadas) que non se difundiron en librarías comerciais, ademais dos datos anteriores, na certificación debe constar o título do libro, autores/as, data da primeira edición, o número de exemplares, os centros de difusión (centros educativos, centros de profesores, institucións culturais, etc.). Nos supostos en que a editorial ou asociación desaparecesen, os datos requiridos nesta certificación deberán xustificarse por calquera medio de proba admisible en dereito. – No caso de revistas, a seguinte documentación: * Os exemplares correspondentes ou copias simples. * Certificación en que conste o número de exemplares, lugares de distribución e venda, ou asociación científica ou didáctica, legalmente constituída, a que pertence a revista, título da publicación, autores/as, ISSN ou ISMN, depósito legal e data de edición. En relación coas revistas editadas por administracións públicas e universidades (públicas-privadas), que non se difundiron en establecementos comerciais, na certificación debe constar o título da revista, autores/as, data da primeira edición, o número de exemplares, os centros de difusión (centros educativos, centros de profesores, institucións culturais, etc.). No caso de publicacións que soamente se dan en formato electrónico, presentarase un informe no cal o organismo emisor certificará que a publicación aparece na correspondente base de datos bibliográfica. Neste documento indícarase a base de datos, o título da publicación, os/as autores/as, o ano e a URL. Ademais, presentarase un exemplar impreso.
b) Por premios de ámbito autonómico, nacional ou internacional convocados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ou polas administracións educativas das comunidades autónomas.	0,1500 por cada premio	A acreditación xustificativa de ter obtido os premios correspondentes, expedida polas entidades convocantes.



Concepto	Puntuación	Documentos xustificativos
c) Por ter participado en proxectos de investigación ou innovación convocados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ou polas administracións educativas das comunidades autónomas.	0,1000 por cada participación	Certificación expedida polas entidades convocantes.
d) Pola participación como docente en programas de mobilidade na Unión Europea.	0,1000/mobilidade	Certificación orixinal ou copia debidamente compulsada do centro de destino de realización do programa ou da entidade organizadora.
e) Pola participación como membro de comités científicos en congresos, xornadas ou similares.	0,1000/participación	
f) Por cada participación como titor/a ou avaliador/a de teses de doutoramento, sempre que a dita condición non fose alegada para acreditar a formación e capacidade de tutela en investigacións propias das ensinanzas artísticas, especificado na subepígrafe 2.2.	0,1000/tese	
g) Por cada participación como titor/a ou avaliador/a de traballos fin de máster, sempre que a dita condición non fose alegada para acreditar a formación e capacidade de tutela en investigacións propias das ensinanzas artísticas, especificado na subepígrafe 2.2.	0,0500/traballo	
h) Por premios artísticos, de investigación ou docentes de recoñecido prestixio en concursos ou certames de ámbitos autonómico, nacional ou internacional.	0,3000/premio	Certificación da entidade que emite o premio, onde conste o nome do/s premiado/s, o seu ámbito e a categoría do premio.
i) Por concertos como solista musical na especialidade a que se opta.	0,2000 puntos por concerto	Certificación da vida laboral da Seguridade Social e certificación da entidade organizadora do concerto. Nos supostos en que a entidade organizadora desaparecese, a realización do concerto poderá xustificarse por calquera medio de proba admisible en dereito.
j) Por concertos como músico/a de cámara, en formación de dúo, trío, cuarteto ou máis instrumentistas, na especialidade a que se opta.	0,1000 puntos por concerto	Certificación da vida laboral da Seguridade Social e certificación da entidade organizadora do concerto. Nos supostos en que a entidade organizadora desaparecese, a realización do concerto poderá xustificarse por calquera medio de proba admisible en dereito.
k) Por instrumentista ou intérprete de orquestras, coros ou bandas profesionais na especialidade a que se opta.	0,0100 puntos por concerto	Certificación da vida laboral da Seguridade Social e certificación da entidade responsable. Nos supostos en que a entidade responsable desaparecese, esta condición poderá xustificarse por calquera medio de proba admisible en dereito. No suposto de instrumentistas que teñan un contrato estable cunha orquestra profesional, a cuantificación desta subepígrafe farase por anos completos, cunha puntuación de 0,3 puntos por ano.
l) Por cada composición musical orixinal, exenta e editada para un instrumento solista ou grupo instrumental.	0,2000 puntos	Os exemplares correspondentes ou fotocopias cotexadas. As publicacións que non consignen o ISBN, ISSN, ISMN ou depósito legal non serán valoradas, así como aqueles en que o/a autor/a sexa o/a seu/súa editor/a.
m) Por cada composición musical orixinal, exenta e editada para a orquestra, con ou sen solistas.	0,3000 puntos	Os exemplares correspondentes ou fotocopias cotexadas. As publicacións que non consignen o ISBN, ISSN, ISMN ou depósito legal non serán valoradas, así como aquelas en que o/a autor/a sexa o/a seu/súa editor/a.





Concepto	Puntuación	Documentos xustificativos
n) Por cada composición musical orixinal, conxunta e editada.	0,1000 puntos	Os exemplares correspondentes ou fotocopias cotexadas. As publicacións que non consignen o ISBN, ISSN, ISMN ou depósito legal non serán valoradas, así como aquelas en que o/a autor/a sexa o/a seu/súa editor/a.
o) Por cada arranxo ou transcripción, exenta e editada para un instrumento solista ou grupo instrumental.	0,1000 puntos	Os exemplares correspondentes ou fotocopias cotexadas. As publicacións que non consignen o ISBN, ISSN, ISMN ou depósito legal non serán valoradas, así como aquelas en que o/a autor/a sexa o/a seu/súa editor/a.
p) Por cada arranxo ou transcripción, exenta e editada para orquestra, con ou sen solistas.	0,2000 puntos	Os exemplares correspondentes ou fotocopias cotexadas. As publicacións que non consignen o ISBN, ISSN, ISMN ou depósito legal non serán valoradas, así como aquelas en que o/a autor/a sexa o/a seu/súa editor/a.
q) Por cada gravación como solista musical, na especialidade a que se opta (director/a musical, solista individual ou de música de cámara ata formación de trío): 0,2 puntos por gravación.	0,2000 puntos	Fotocopia cotexada do texto do CD onde conste o programa, os/as intérpretes, o selo discográfico e o código de rexistro.
r) Por cada gravación como músico/a de cámara, en formación de dúo, trío, cuarteto ou máis instrumentistas, na especialidade a que se opta.	0,1000 puntos	Fotocopia cotexada do texto do CD onde conste o programa, os/as intérpretes, o selo discográfico e o código de rexistro.
s) Por cada gravación como instrumentista de orquestras, coros ou bandas profesionais, na especialidade a que se opta.	0,0100 puntos por gravación	Fotocopia cotexada do texto do CD onde conste o programa, os/as intérpretes, o selo discográfico e o código de rexistro.
t) Por cada premio como instrumentista, director/a musical ou compositor/a de ámbito internacional.	0,2000 puntos	Fotocopia cotexada do premio, con indicación expresa da institución convocante do certame.
u) Por cada premio como instrumentista, director/a musical ou compositor/a de ámbito nacional ou autonómico.	0,1000 puntos	Fotocopia cotexada do premio, con indicación expresa da institución convocante do certame.

Disposición complementaria primeira. *Data en que teñen que estar recoñecidos os méritos alegados*

Os méritos alegados polas persoas participantes teranse cumpridos ou recoñecidos na data de terminación do prazo de presentación de solicitudes. Unicamente se valorarán, polo tanto, os méritos perfeccionados e acreditados ata a finalización deste.

Disposición complementaria segunda. *Cómputo dos servizos en determinadas situacións administrativas*

Para os efectos da epígrafe 1.1 será computado o tempo transcorrido na situación de servizos especiais e na de excedencia por coidado de familiares.

Disposición complementaria terceira. *Desempeño simultáneo de máis dun cargo*

Polas subepígrafes 1.2.1, 1.2.2, 1.2.3 e 1.2.4 só se valorará o seu desempeño como persoal funcionario, ou como persoal laboral recoñecido especificamente por unha sen-



tenza. No caso de que se desempeñasen simultaneamente máis dun destes cargos ou funcións, non poderá acumularse a puntuación e valorarase o que poida resultar máis vantaxoso para o/a concursante.

Disposición complementaria cuarta. *Centros públicos*

Para os efectos previstos nas subepígrafes 1.2.1, 1.2.2 e 1.2.3 do baremo de méritos, consideraranse centros públicos asimilados aos centros públicos de ensino secundario os seguintes:

- a) Institutos de bacharelato.
- b) Institutos de formación profesional.
- c) Centros de educación de persoas adultas, sempre que impartan as mesmas ensinanzas que nos centros aos cales se refiren estas subepígrafes.
- d) Centros de ensinanzas integradas.

Para estes mesmos efectos, considéranse centros públicos os que corresponden ás prazas dos corpos de catedráticos e profesores de música e artes escénicas de conservatorios de música:

- a) Conservatorios superiores de música ou danza.
- b) Conservatorios profesionais de música ou danza.
- c) Conservatorios elementais de música.
- d) Escolas superiores de arte dramática.
- e) Escolas superiores de canto.

Para estes mesmos efectos, considéranse centros públicos asimilados ás escolas de artes plásticas e deseño as seguintes:

- a) Escolas de artes aplicadas e oficios artísticos.
- b) Escolas de arte.
- c) Escolas de arte e superiores de deseño.





- d) Escolas superiores de deseño.
- e) Escolas de restauración e conservación de bens culturais.

Disposición complementaria quinta. *Cargos directivos asimilados*

Para os efectos previstos na subepígrafe 1.2.2 do baremo de méritos, consideraranse como cargos directivos asimilados:

- a) Secretario/a adxunto/a.
- b) Os cargos aludidos nesta subepígrafe desempeñados en seccións de formación profesional.
- c) Xefe/a de estudos adxunto/a.
- d) Xefe/a de residencia.
- e) Delegado/a de xefe/a de estudos de instituto de bacharelato ou similares en comunidades autónomas.
- f) Director/a xefe/a de estudos de sección delegada.
- g) Director/a de sección filial.
- h) Director/a de centro oficial de padroado de ensino medio.
- i) Administrador/a en centros de formación profesional.
- j) Profesor/a delegado/a no caso da sección de formación profesional.

Disposición complementaria sexta. *Cursos de formación*

Para os efectos previstos na epígrafe 2 do baremo de méritos, puntúanse os cursos de formación que fosen organizados por:

- a) A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- b) O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ou as consellerías de Educación das restantes comunidades autónomas.
- c) Institucións sen ánimo de lucro sempre que as actividades estean homologadas ou recoñecidas por administracións educativas.



d) As universidades (sen necesidade de que estean homologadas ou recoñecidas se se realizaron con anterioridade ao 23 de maio de 2013, data da entrada en vigor da Orde do 14 de maio de 2013 pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro das actividades de formación permanente do profesorado de Galicia)

e) As universidades, nas actividades realizadas a partir do 23 de maio de 2013, sempre que a actividade sexa recoñecida.

Para os efectos previstos na epígrafe 2 do baremo de méritos, considéranse como cursos de formación as seguintes actividades:

- a) Os cursos.
- b) Seminarios permanentes.
- c) Grupos de traballo.
- d) Proxectos de formación.
- e) Congresos.
- f) Xornadas.
- g) Mesas redondas.
- h) Piale.
- i) Obradoiros.
- j) Encontros.

Non son baremables por esta epígrafe as actividades equiparables ás de formación permanente, como son:

- Proxectos de investigación.
- Actividades de innovación educativa.
- Participación en programas europeos: Sócrates, Leonardo da Vinci, Interreg, visitas Cedefop, etc.
- Titulacións universitarias.



– Titorías en prácticas.

En ningún caso se recoñecen como formación permanente do profesorado os cursos conducentes á obtención dunha titulación académica.

As actividades de formación poderán ser presenciais, en rede ou mixtas.

Os títulos propios ou non oficiais das universidades valoraranse por esta epígrafe. En ningún caso serán valorados por esta epígrafe aqueles cursos ou materias cuxa finalidade sexa a obtención dun título académico, máster ou outra titulación de posgrao.

Disposición complementaria sétima. *Méritos académicos*

1. Para poder obter puntuación por outras titulacións universitarias de carácter oficial, deberá presentarse fotocopia compulsada de cantos títulos se posúan, incluído o alegado para ingreso no corpo. Cando os títulos fosen obtidos no estranxeiro ou fosen expedidos por institucións docentes doutros países deberá achegarse, ademais, a correspondente homologación. As titulacións alegadas como requisitos non serán valoradas.

2. No que respecta á baremación de titulacións de primeiro ciclo, non se entenderá como tal a superación dalgún dos cursos de adaptación.

3. En cada unha das subepígrafes da epígrafe 3.1 soamente se baremará un título.

4. Na subepígrafe 3.1.j) baremaranse, ademais dos certificados de aptitude ou de nivel avanzado das escolas oficiais de idiomas, os certificados recollidos na Orde do 21 de xuño de 2016 pola que se modifica a Orde do 18 de febreiro de 2011 pola que se establece o procedemento de acreditación de competencia en idiomas do profesorado para impartir nunha lingua estranxeira áreas, materias ou módulos non lingüísticos nos centros docentes públicos dependentes desta consellería (DOG núm. 128, do 7 de xullo).

5. Non se baremará ningún título de máster exixido para o ingreso na función pública docente.

6. Non se baremarán por esta epígrafe 3.1 os títulos universitarios non oficiais que conforme a disposición adicional décimo primeira do Real decreto 1397/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, sexan expedidos polas universidades en uso da súa autonomía.



7. O recoñecemento da suficiencia investigadora que permita obter o certificado-diploma acreditativo de estudos avanzados non se baremará cando se alegue o título de doutoramento. É dicir, a subepígrafe 3.1.c) é incompatible coa subepígrafe 3.1.a).

Non é necesario ter o título acreditativo dos estudos avanzados. É suficiente coa suficiencia investigadora. Polo tanto, a quen acredite suficiencia investigadora e tamén o DEA non se lle puntuará dúas veces.

Disposición complementaria oitava. *Publicacións*

Non se baremarán publicacións que constitúan programacións didácticas, temarios de oposicións, traballos de materias de carreira, máster ou doutoramento, edicións de centros docentes e de formación do profesorado, publicacións de prensa nin artigos de opinión nin as que sexan editadas pola persoa autora. Unha publicación só será valorada nunha das súas edicións.

ANEXO II

**Modelo de presentación dos méritos**

Valoración dos méritos (máximo 10 puntos)				
1. Traballo desenvolvido (máximo 5,5000 puntos)				
1.1. Antigüidade (máximo 4,0000 puntos)				
Por cada ano de servizos efectivos prestados en situación de servizo activo como persoal funcionario no corpo de profesores de música e artes escénicas que excedan os oito anos exixidos como requisito.	Anos	Meses	Puntuación	Total
			0,2500/ano 0,0208/mes	
1.2. Desempeño de funcións específicas (máximo 2,500 puntos)				
1.2.1. Por cada ano como director/a de centros públicos docentes.	Anos	Meses	Puntuación	Total
			0,2500/ano 0,0208/mes	
1.2.2. Por cada ano como vicedirector/a, subdirector/a, xefe/a de estudos ou secretario/a.	Anos	Meses	Puntuación	Total
			0,2000/ano 0,0166/mes	
1.2.3. Por cada ano como coordinador/a do equipo de dinamización da lingua galega, coordinador/a de programas internacionais, coordinador/a de innovación e formación do profesorado, coordinador/a de biblioteca, coordinador/a de sección bilingüe, coordinador/a de grao elemental, coordinador/a das tecnoloxías da información e a comunicación, xefe/a de seminario ou departamento, en centros públicos docentes.	Anos	Meses	Puntuación	Total
			0,1500/ano 0,0130/mes	
1.2.4. Por cada ano de servizo en postos da Administración educativa de nivel 26 ou superior.	Anos	Meses	Puntuación	Total
			0,2500/ano 0,0208/mes	
Total subepígrafe 1.2.				
Total epígrafe 1.				







3. Méritos académicos e outros méritos (máximo 3,0000 puntos)	
3.1. Méritos académicos (máximo 1,5000 puntos)	
	Denominación
a) Por posuír o título de doutoramento: 0,5000 puntos.	
b) Por posuír o título de máster universitario oficial ou máster en ensinanza artística oficial para o cal se exixiran ao menos 60 créditos. En ningún caso será valorado o título de máster empregado para a obtención do título de doutoramento: 0,2500 puntos.	
c) Polo recoñecemento de suficiencia investigadora, ou o certificado diploma de estudos avanzados. Só se valorará unha das dúas condicións. En ningún caso será valorada a condición que fose acreditada para a obtención do título de doutoramento: 0,1500 puntos.	
d) Por premio extraordinario no doutoramento, máster, licenciatura, grao ou equivalente e premio de honra nas ensinanza artística superiores: 0,1000 puntos.	
e) Pola mención honorífica en grao superior no caso das titulacións outorgadas polos conservatorios superiores de música: 0,0500 puntos.	
f) Pola obtención dun grao, título superior de ensinanza artística ou equivalente ao nivel 2 do MECES, diferente ao alegado para o ingreso na especialidade: 0,3000 puntos.	
g) Por estar en posesión dunha licenciatura, arquitectura, enxeñaría ou títulos declarados equivalentes a estes, diferente ao alegado para o ingreso na especialidade desde a que se opta: 0,3000 puntos.	
h) Por estar en posesión dunha diplomatura, enxeñaría técnica, arquitectura técnica ou títulos declarados equivalentes. Non se valorarán por esta epígrafe os primeiros ciclos que permitisen a obtención doutras titulacións académicas de ciclo longo que se aleguen como méritos: 0,2000 puntos.	
i) Por estar en posesión dun título de profesor do Plan de estudos do Real decreto 2618/1966, ou dun título profesional de música do Plan LOXSE ou LOE distinto do necesario para a obtención do título superior de música alegado para ingreso na especialidade desde a que se opta. Non se valorarán por esta epígrafe os títulos que permitisen a obtención doutras titulacións superiores que se aleguen como méritos: 0,2000 puntos.	
j) Pola acreditación do dominio dunha lingua estranxeira correspondente ao nivel B2, C1 e C2 do Marco común europeo de referencia: B2: 0,2000 puntos; C1: 0,2500 puntos e C2: 0,3000 puntos.	



3.2. Publicacións, participación en proxectos educativos e méritos artísticos (máximo 1,5000)	
	Denominación
a) Por publicacións de carácter didáctico e científico sobre disciplinas obxecto do concurso ou directamente relacionadas con aspectos xerais do currículo ou coa organización escolar. Aqueles publicacións que, estando obrigadas a consignar o ISBN en virtude do disposto polo Decreto 2984/1972, do 2 de novembro, modificado polo Real decreto 2063/2008, do 12 de decembro, ou, se é o caso, ISSN ou ISMN, carezan deles, non serán valoradas, así como aquelas en que o/a autor/a sexa o/a seu/súa editor/a. Para a valoración destas publicacións deberánse presentar os documentos xustificativos indicados nesta subepígrafe coas exixencias que así se indican.	
b) Por premios de ámbito autonómico, nacional ou internacional convocados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ou polas administracións educativas das comunidades autónomas.	
c) Por ter participado en proxectos de investigación ou innovación convocados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ou polas administracións educativas das comunidades autónomas.	
d) Pola participación como docente en programas de mobilidade na Unión Europea.	
e) Pola participación como membro de comités científicos en congresos, xornadas ou similares.	
f) Por cada participación como titor/a ou avaliador/a de teses de doutoramento, sempre que a dita condición non fose alegada para acreditar a formación e capacidade de tutela en investigacións propias das ensinanzas artísticas, especificada na subepígrafe 2.2.	
g) Por cada participación como titor/a ou avaliador/a de traballos fin de máster, sempre que dita condición non fose alegada para acreditar a formación e capacidade de tutela en investigacións propias das ensinanzas artísticas, especificada na subepígrafe 2.2.	
h) Por premios artísticos, de investigación ou docentes de recoñecido prestixio en concursos ou certames de ámbitos autonómico, nacional ou internacional.	
i) Por concertos como solista musical na especialidade a que se opta.	
j) Por concertos como músico/a de cámara, en formación de dúo, trío, cuarteto ou máis instrumentistas, na especialidade a que se opta.	
k) Por instrumentista ou intérprete de orquestras, coros ou bandas profesionais na especialidade a que se opta.	
l) Por cada composición musical orixinal, exenta e editada para un instrumento solista ou grupo instrumental.	





	Denominación
m) Por cada composición musical orixinal, exenta e editada para a orquestra, con ou sen solistas.	
n) Por cada composición musical orixinal, conxunta e editada.	
o) Por cada arranxo ou transcripción, exenta e editada para un instrumento solista ou grupo instrumental.	
p) Por cada arranxo ou transcripción, exenta e editada para orquestra, con ou sen solistas.	
q) Por cada gravación como solista musical, na especialidade a que se opta (director/a musical, solista individual ou de música de cámara ata formación de trío): 0,2 puntos por gravación.	
r) Por cada gravación como músico/a de cámara, en formación de dúo, trío, cuarteto ou máis instrumentistas, na especialidade a que se opta.	
s) Por cada gravación como instrumentista de orquestras, coros ou bandas profesionais, na especialidade a que se opta.	
t) Por cada premio como instrumentista, director/a musical ou compositor/a de ámbito internacional.	
u) Por cada premio como instrumentista, director/a musical ou compositor/a de ámbito nacional ou autonómico.	

## ANEXO III

Lingua galega.

Tema 1. Formación da lingua galega. Niveis de lingua e tratamento escolar.

Tema 2. A realidade actual da lingua: estatus legal e escolar. A normalización lingüística no ensino.

Tema 3. Particularidades fonéticas, morfosintácticas e léxicas do galego en relación coas linguas limítrofes. Tratamento escolar das interferencias.

Tema 4. Vocalismo e consonantismo.

Tema 5. O texto. Temas e subtemas. Esquema oracional. Oración simple e composta. Coordinación e subordinación.

Tema 6. O substantivo e o adxectivo. Oracións subordinadas substantivas. Oracións subordinadas adxectivas.



Tema 7. Pronomes persoais. Formas, funcións e colocación con respecto ao verbo.

Tema 8. Artigos, posesivos, demostrativos, numerais, indefinidos e interrogativos.

Tema 9. O verbo. Verbos irregulares. A perífrase.

Tema 10. Adverbios, preposicións, conxuncións e interxeccións. As oracións subordinadas adverbiais.

